

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

9855 *REAL DECRETO 863/2008, do 23 de maio, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico.* («BOE» 138, do 7-6-2008.)

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, instaurou un novo marco regulador no referente á planificación e xestión do espectro radioeléctrico, introducindo a regulación e tendencias comunitarias na materia, isto é, a garantía do uso eficaz e eficiente do espectro radioeléctrico como principio superior que debe guiar a planificación e a asignación de frecuencias pola Administración e o uso destas polos operadores. Así mesmo, esta lei abre a posibilidade da transferencia de títulos habilitantes e da cesión de dereitos de uso do espectro radioeléctrico nas condicións que se determinen regulamentariamente. Ademais, establece, no seu artigo 44, que o Goberno desenvolverá regulamentariamente as condicións de xestión do dominio público radioeléctrico, a elaboración dos plans para a súa utilización e os procedementos de outorgamento dos dereitos de uso do citado dominio.

O Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, mediante a súa disposición derradeira primeira modificou o regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde do ministro de Fomento, do 9 de marzo de 2000, co obxectivo de adecuar o seu contido ao da Lei xeral de telecomunicacións, en especial nos aspectos relativos a competencias e procedementos.

A universalización das comunicacións e a aparición de novos servizos asociados ao desenvolvemento da sociedade da información exigen unha continua actualización das técnicas e procedementos relacionados coa planificación de redes e servizos de comunicacións electrónicas. As comunicacións sen fíos, que utilizan como soporte de transmisión o dominio público radioeléctrico, constitúen o pilar fundamental no desenvolvemento de solucións asociadas á mobilidade, socialmente cada día máis demandadas.

Conceptos innovadores como mercado secundario, neutralidade tecnolóxica e de servizos, uso flexible, entre outros, deben ser considerados como criterios inspiradores á hora de definir as mellores técnicas de planificación e xestión dun recurso como o dominio público radioeléctrico, limitado, pero cada día máis demandado e que só baixo a optimización do seu uso poderá facer fronte ás novas necesidades de comunicacións que a sociedade presenta.

O regulamento do uso do dominio público radioeléctrico constitúe un documento de regulación básico para o desenvolvemento e a aplicación de criterios e procedementos innovadores en materia de planificación e xestión de redes e servizos de comunicacións sen fíos, que debe incluír as formulacións do marco regulador das comunicacións electrónicas en Europa e, en particular, o disposto na Directiva 2002/21/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas («Directiva marco»), a Directiva 2002/20/CE, do Parla-

mento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas («Directiva de autorización») e a Decisión número 676/2002/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, sobre un marco regulador da política do espectro radioeléctrico na Comunidade Europea (Decisión espectro radioeléctrico).

Así mesmo, tivéronse en conta na elaboración deste regulamento as tendencias marcadas na proposta da Comisión Europea dun novo marco regulador das comunicacións electrónicas na Unión Europea, feita pública o día 13 de novembro de 2007.

Para avanzar na consecución dos obxectivos anteriormente sinalados, resulta preciso aprobar un novo regulamento regulador do uso do dominio público radioeléctrico.

Neste novo regulamento regúlase a posta en funcionamento dun rexistro público de concesionarios de dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico, accesible a través da internet, co obxectivo de aumentar a transparencia dos procesos de outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, mediante a publicidade das características técnicas e nomes dos titulares dos citados dereitos, dando cumprimento ademais ás exixencias da Unión Europea nesta materia.

Tamén se introducen modificacións nos procedementos para a obtención de recursos órbita-espectro.

Unha das principais novidades que se incorporan no regulamento que se aproba mediante o presente real decreto consiste en engadir, á posibilidade existente actualmente de transferencia total do título habilitante, novas posibilidades de transferencia parcial do título e de cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico respecto dunha parte das frecuencias ou dunha parte do ámbito xeográfico.

Así mesmo, e en relación con este punto, o regulamento establece os dereitos de uso que non son susceptibles de transmisión, as causas de revogación da autorización de transmisión e a prohibición de realizar cesións sucesivas e simultáneas. Como anexo ao regulamento inclúese a relación de servizos con frecuencias reservadas nas bandas indicadas susceptibles de transferencia parcial ou cesión a terceiros dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico.

Por último, cabe destacar o contido da disposición adicional segunda do regulamento, referente á transformación das concesións de dominio público radioeléctrico vinculadas aos extintos títulos habilitantes con limitación de número para a prestación de diferentes servizos. Establécese que o procedemento de transformación se iniciará de oficio e que nas resolucións expresas polas que se transformen os títulos se establecerán os dereitos e as obrigas que se declaran subsistentes dos títulos actuais, e que tamén se poderán incluír outras obrigas por razóns de servizo público e interese xeral, así como as que se consideren necesarias para preservar as condicións de competencia no mercado e as condicións que resulten necesarias para a súa adecuación ao presente regulamento, ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias e á normativa da Unión Europea que, de ser o caso, resulte de aplicación, en especial, a referida aos principios de neutralidade tecnolóxica e dos servizos.

Este real decreto foi obxecto de informe por parte da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información. De conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei xeral de telecomunicacións, o informe deste último órgano equivale á audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado, logo de aprobación da ministra de Administracións Públi-

cas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de maio de 2008,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o regulamento de desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico, que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Protección de datos de carácter persoal.*

O tratamento dos datos relativos ao rexistro nacional de frecuencias, ao rexistro público de concesionarios e aos procedementos de obtención dos títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico estará sometido ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e nas súas normas de desenvolvemento.

Disposición transitoria primeira. *Exercicio de funcións ata a constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

As competencias e funcións administrativas que se atribúen neste real decreto e no regulamento que aproba á Axencia Estatal de Radiocomunicacións serán exercidas polos órganos competentes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ata a efectiva constitución daquela, momento en que, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, pasará a corresponder o seu exercicio ao devandito organismo.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

O especificado neste real decreto e o regulamento que aproba non será de aplicación aos procedementos iniciados con anterioridade á data da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 9 de marzo de 2000 pola que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do espectro radioelétrico, modificada polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, con excepción da disposición transitoria cuarta, que manterá a súa vixencia ata o cesamento das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica, de conformidade co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 944/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Quedan derogadas, igualmente, cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplica-

ción deste real decreto, en especial, para modificar ou actualizar o contido do anexo do regulamento que se aproba mediante este real decreto, así como a relación de bandas de frecuencias a que fai referencia a súa disposición adicional primeira. A modificación ou actualización do contido do anexo do regulamento que se aproba mediante este real decreto, así como a relación de bandas de frecuencias a que fai referencia a súa disposición adicional primeira, serán aprobadas mediante orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Así mesmo, autorízase a Axencia Estatal de Radiocomunicacións para aprobar os modelos de solicitude de títulos habilitantes para o uso do dominio público radioelétrico, así como as súas posibles modificacións.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre telecomunicacións recoñecida no artigo 149.1.21.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de maio de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 32/2003, DO 3 DE NOVEMBRO, XERAL DE TELECOMUNICACIÓNS, NO RELATIVO AO USO DO DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico.

Artigo 2. *Obxectivos e principios.*

Son obxectivos e principios que inspiran este regulamento os seguintes:

a) Garantir, mediante unha xestión adecuada, o uso eficaz e eficiente do dominio público radioelétrico.

b) Promover o uso do dominio público radioelétrico como factor de desenvolvemento técnico, económico, de seguranza, do interese público, social e cultural.

c) Garantir un acceso equitativo aos recursos radioelétricos mediante procedementos abertos, transparentes, obxectivos e non discriminatorios.

d) Promover o desenvolvemento e a utilización de novos servizos, redes e tecnoloxías, e o acceso a eles de todos os cidadáns.

e) Regular a transferencia de títulos habilitantes e a cesión a terceiros de determinados dereitos de uso do dominio público radioelétrico.

f) Contribuír ao desenvolvemento normativo harmonizado no ámbito da Unión Europea que facilite a introdución de sistemas de comunicacións globais.

g) Facilitar a planificación estratéxica do sector das telecomunicacións e, en particular, das comunicacións relacionadas coa defensa nacional e dos servizos de protección civil e emerxencias.

h) Fomentar a neutralidade tecnolóxica e dos servizos como elementos flexibilizadores no uso eficiente do dominio público radioelétrico.

i) Fomentar unha maior competencia nos mercados de comunicacións electrónicas.

j) Promover un investimento eficiente en materia de infraestruturas e fomentar a innovación.

Artigo 3. *Concepto de dominio público radioelétrico.*

1. Para os efectos deste regulamento, considérase dominio público radioelétrico o espazo polo que se poden propagar as ondas radioelétricas. Enténdese por ondas radioelétricas as ondas electromagnéticas cuxa frecuencia se fixa convencionalmente por debaixo de 3.000 xigahertzios que se propagan polo espazo sen guía artificial.

2. A utilización de ondas electromagnéticas de frecuencias superiores a 3.000 xigahertzios e propagadas polo espazo sen guía artificial sométese ao mesmo réxime que a utilización das ondas radioelétricas, e é de aplicación o disposto na Lei xeral de telecomunicacións e neste regulamento.

Artigo 4. *Plans de utilización do dominio público radioelétrico.*

1. A utilización do dominio público radioelétrico efectuarase de acordo cunha planificación previa que delimite as bandas e canles atribuídas a cada un dos servizos.

2. Son plans de utilización do dominio público radioelétrico o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, os plans técnicos nacionais de radiodifusión sonora e de televisión e os aprobados por outras normas de igual ou superior rango.

3. Corresponde á Axencia Estatal de Radiocomunicacións elaborar as propostas dos plans de utilización do dominio público radioelétrico e a súa tramitación, e elevarllos ao órgano competente para a súa aprobación.

TÍTULO II

Planificación do dominio público radioelétrico

Artigo 5. *Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.*

1. Co fin de lograr a utilización coordinada e eficaz do dominio público radioelétrico, o ministro de Industria, Turismo e Comercio, por proposta da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, aprobará o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias para os diferentes tipos de servizos de radiocomunicación, de acordo coas disposicións da Unión Europea, da Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT), e do Regulamento de radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), definindo a atribución de bandas, sub-bandas, frecuencias, canles e os circuitos radioelétricos correspondentes, así como as demais características técnicas que poidan ser necesarias.

2. Así mesmo, o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, de acordo coa regulamentación internacional sobre atribución e adxudicación de bandas e asignacións de frecuencia, e coas dispoñibilidades nacionais e internacionais do espectro de frecuencias radioelétricas e a demanda social, poderá establecer, entre outras, as seguintes previsións:

a) A reserva de parte do dominio público radioelétrico para servizos determinados.

b) Preferencias de uso por razón do fin social do servizo que se vaia prestar.

c) Delimitación das bandas, canles ou frecuencias que se reservan ás administracións públicas ou entes públicos delas dependentes para a xestión directa dos seus servizos.

d) Previsión respecto da explotación no futuro das distintas bandas de frecuencias, fomentando a neutralidade tecnolóxica e dos servizos.

3. No proceso de elaboración do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias será de aplicación o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións someterá a consulta pública os proxectos correspondentes.

Artigo 6. *Plans técnicos de radiodifusión e televisión.*

1. Corresponde á Axencia Estatal de Radiocomunicacións a elaboración dos proxectos dos plans técnicos nacionais de radiodifusión sonora e de televisión conforme o procedemento establecido neste artigo.

2. O procedemento iniciarase consultando a Corporación de Radio e Televisión Española (Corporación RTVE), os entes públicos de radio e televisión das comunidades autónomas e os órganos competentes en materia de radio e televisión das comunidades autónomas sobre as súas necesidades de frecuencias. Así mesmo, consultarase as asociacións máis representativas dos operadores privados de radio ou televisión, segundo o caso.

3. Os proxectos dos plans técnicos nacionais de radiodifusión sonora e de televisión serán elaborados tendo en conta as necesidades de frecuencias formuladas polas entidades e organismos previamente consultados, co obxectivo de alcanzar unha utilización racional, óptima e eficaz do dominio público radioelétrico.

4. Os plans técnicos nacionais de radiodifusión sonora e de televisión establecerán, polo menos, as frecuencias de emisión, os bloques de frecuencias ou, de ser o caso, as canles radioelétricas para proporcionar servizos de calidade técnica satisfactoria nas zonas de servizo expresamente definidas, así como calquera outro parámetro técnico de referencia ou calquera outra disposición administrativa que resulte necesaria.

5. No proceso de elaboración dos plans técnicos nacionais de radiodifusión sonora e de televisión será de aplicación o procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral.

Artigo 7. *Rexistro Nacional de Frecuencias.*

1. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións xestionará un rexistro de usos das frecuencias en todo o territorio nacional. Nese rexistro inscribiranse, ademais dos datos do titular de cada asignación de frecuencias, as características técnicas destas.

2. Para garantir a protección dos intereses comerciais e estratéxicos dos titulares de dereitos de uso do dominio público radioelétrico e a protección dos datos persoais, o acceso directo ao rexistro quedará restrinxido ás persoas que designe a Axencia Estatal de Radiocomunicacións. Así mesmo, para garantir os intereses relacio-

nados coa defensa nacional, o acceso directo ao rexistro sobre os usos das frecuencias vinculados a esta quedará restrinxido ás persoas que designen conxuntamente o Ministerio de Defensa e a Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

Artigo 8. *Rexistro público de concesionarios.*

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, no prazo máximo de seis meses contado desde a data de entrada en vigor deste regulamento, porá en funcionamento un rexistro público accesible a través da internet, en que se incluírán os seguintes datos das concesións administrativas en vigor para o uso privativo do dominio público radioelétrico:

- a) Referencia da concesión.
- b) Nome ou razón social, domicilio e número ou código de identificación fiscal do titular.
- c) Data de outorgamento e caducidade da concesión.
- d) Ámbito xeográfico e tipo de servizo autorizado.
- e) Frecuencia ou banda de frecuencias reservadas.
- f) Indicación sobre se a concesión é susceptible de transferencia parcial ou sobre se os seus dereitos de uso do dominio público radioelétrico son susceptibles de cesión a terceiros.
- g) Indicación, de ser o caso, de se os dereitos de uso do dominio público radioelétrico foron obtidos mediante un procedemento de transferencia de título, así como o nome ou razón social e o número ou código de identificación fiscal do titular que transfere o título.
- h) Indicación, de ser o caso, de se os dereitos de uso do dominio público radioelétrico a que habilita a concesión é obxecto de cesión por un período superior a seis meses así como o nome ou razón social e o número ou código de identificación fiscal do titular a quen se cede os dereitos.
- i) Indicación, de ser o caso, de que a concesión foi obxecto da transformación a que se refire a disposición adicional segunda.

TÍTULO III

Uso do dominio público radioelétrico

CAPÍTULO I

Disposicións comúns aos diferentes usos do dominio público radioelétrico

Artigo 9. *Tipos de uso do dominio público radioelétrico.*

O uso do dominio público radioelétrico pode ser común, especial ou privativo, quedando en todos os casos sometido ás disposicións contidas neste regulamento.

Artigo 10. *Uso eficaz e uso eficiente do dominio público radioelétrico.*

1. Para os efectos deste regulamento, entenderase que as asignacións realizadas utilizan eficazmente o dominio público radioelétrico cando o seu uso sexa progresivo, efectivo e continuado nas zonas xeográficas para as cales foi reservado, sen prexuízo das reservas destinadas a situacións de emerxencia ou relacionados coa defensa nacional.

2. Así mesmo, entenderase por uso eficiente do dominio público radioelétrico aquel que proporciona un

menor consumo de recursos espectrais garantindo os mesmos obxectivos de cobertura e calidade do servizo.

3. O uso eficaz e eficiente do dominio público radioelétrico constitúen condicións permanentemente exixibles aos titulares de dereitos de uso do dominio público durante a vixencia dos correspondentes títulos habilitantes. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, logo de tramitación do correspondente expediente administrativo de acordo co establecido no artigo 25 deste regulamento, poderá modificar as condicións asociadas aos títulos habilitantes para o uso do dominio público no que se refire á cantidade de espectro, á zona xeográfica para a cal foi reservado ou ás características técnicas de uso, co fin de asegurar un uso eficaz do dominio público radioelétrico e uns niveis adecuados de eficiencia.

CAPÍTULO II

Uso común e uso especial do dominio público radioelétrico

Artigo 11. *Concepto e réxime xurídico do uso común do dominio público radioelétrico.*

1. Terá a consideración de uso común do dominio público radioelétrico:

a) A utilización daquelas bandas, sub-bandas ou frecuencias que se sinalen no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias como de uso común, coas características técnicas especificadas no citado cadro.

b) A utilización daquelas bandas, sub-bandas e frecuencias que se sinalen no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias para aplicacións industriais, científicas e médicas (ICM).

2. Así mesmo, terán a consideración de uso común, os enlaces de comunicacións mediante ondas electromagnéticas con frecuencias correspondentes ao espectro visible (enlaces ópticos).

3. Os servizos que efectúen un uso común do dominio público radioelétrico non deberán producir interferencias nin para eles se poderá solicitar protección fronte a servizos de comunicacións electrónicas autorizados.

4. O uso común do dominio público radioelétrico non precisará de título habilitante e exercerase con suxeición ao disposto neste regulamento.

Artigo 12. *Concepto de uso especial do dominio público radioelétrico.*

Terá a consideración de uso especial do dominio público radioelétrico o que se leve a cabo nas bandas, sub-bandas e frecuencias que se sinalen como de uso compartido, sen exclusión de terceiros, e non considerado como de uso común, por radioaficionados ou para fins de mero entretemento ou lecer sen contido económico, como os da banda cidadá.

Artigo 13. *Título habilitante para o uso especial do dominio público radioelétrico.*

1. De acordo co artigo 45 da Lei xeral de telecomunicacións, a utilización daquelas partes do dominio público radioelétrico que o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias delimite como de uso especial exixirá previamente a obtención dunha autorización administrativa individualizada nos termos, condicións e prazos que se establezan mediante orde ministerial.

2. Esta autorización outorgarase por orde de presentación de solicitudes sen máis limitacións que as que deriven da de policía e boa xestión do dominio público

radioeléctrico, sen prexuízo de dereitos de terceiros usuarios do dominio público.

3. A autorización de uso especial do dominio público radioeléctrico terá carácter persoal e conservará a súa vixencia mentres o seu titular non manifeste a súa renuncia a ela. Non obstante, e para efectos de planificación e control das emisións radioeléctricas, o titular terá que lle comunicar, de forma que faga fe, á Axencia Estatal de Radiocomunicacións, cada cinco anos, a súa intención de seguir utilizando o dominio público radioeléctrico. O incumprimento, de ser o caso, desta obriga será causa de extinción da autorización, logo de tramitación do correspondente expediente administrativo, en que se dará a oportunidade ao interesado para que no prazo dun mes emende a omisión da comunicación da súa intención de seguir utilizando o dominio público radioeléctrico. Se o interesado emenda esa omisión, non se poderá extinguir a autorización por esta causa.

4. Mediante orde ministerial estableceranse as condicións de explotación do dominio público radioeléctrico baixo esta modalidade de uso. Así mesmo, esa orde regulará os prazos e procedementos de aplicación da carga de comunicación a que fai referencia o parágrafo anterior, podendo incluso establecer a supresión desa carga en función da evolución dos servizos que levan a cabo un uso especial do dominio público radioeléctrico.

Artigo 14. *Revogación de autorizacións de uso especial do dominio público radioeléctrico.*

Son causas de revogación da autorización de uso especial do dominio público radioeléctrico, logo de tramitación do correspondente expediente:

- a) A utilización do dominio público radioeléctrico para fins distintos dos que se establezan na resolución de autorización.
- b) O mal uso do dominio público que provoque alteracións que impidan o uso por terceiros que dispoñan do correspondente título habilitante.
- c) O incumprimento grave das leis e regulamentos de policía e xestión do dominio público radioeléctrico que, de ser o caso, regulen as normas que deben cumprir os equipamentos e aparellos que o utilicen para a protección do citado dominio público.
- d) A modificación do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, fundada en razóns de dispoñibilidade e necesidades do dominio público radioeléctrico ou en razóns técnicas que alteren a clasificación dunha banda, sub-banda ou frecuencia e estableza o seu carácter de uso privativo ou para outros fins.

Artigo 15. *Limitación dos dereitos de uso común e especial.*

Por razóns de eficiencia no uso do dominio público radioeléctrico ou por razóns técnicas de atribución de bandas, o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias poderá modificar o carácter de uso común ou especial en determinadas bandas, sub-bandas ou frecuencias, e establecer a súa adscrición para uso privativo. En tal suposto, sinalarase na orde de modificación do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias un período transitorio de adaptación ou amortización de equipamentos, e non orixinará, en ningún caso, dereito de indemnización aos actuais usuarios.

TÍTULO IV

Uso privativo do dominio público radioeléctrico

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 16. *Frecuencias e servizos.*

1. As asignacións de frecuencias para o uso privativo do dominio público radioeléctrico efectuaranse, en calquera caso, para a prestación dos servizos ou o exercicio das actividades especificadas no correspondente título habilitante.

2. A utilización das frecuencias con fins distintos a aqueles que motivaron a súa asignación ou para outros diferentes dos da prestación do servizo ou o exercicio da actividade que motivase a súa asignación facultará a Axencia Estatal de Radiocomunicacións para que proceda á súa revogación, de conformidade co establecido no artigo 28 deste regulamento.

Artigo 17. *Uso compartido do dominio público radioeléctrico.*

Os titulares de dereitos de uso de frecuencias, bandas ou sub-bandas do dominio público radioeléctrico que no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias se establezan como de uso compartido con outros titulares deberán aceptar as limitacións e restricións inherentes a tal réxime de asignación de frecuencias, incorporando ás súas redes os dispositivos técnicos pertinentes.

Artigo 18. *Títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioeléctrico.*

1. De acordo co artigo 45 da Lei xeral de telecomunicacións, o outorgamento do dereito de uso privativo do dominio público radioeléctrico revestirá algunha das formas seguintes:

- a) Autorización administrativa.
- b) Afectación demanial.
- c) Concesión administrativa.

2. No caso de autoprestación de servizos polo solicitante, o dereito ao uso privativo do dominio público radioeléctrico obterase mediante autorización administrativa, salvo no caso de administracións públicas, en que se obterá mediante afectación demanial. Non se outorgarán dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico para o seu uso en autoprestación nos supostos en que a demanda supere a oferta e se aplique o procedemento previsto no artigo 44.2 da Lei xeral de telecomunicacións.

3. Nos restantes supostos, o dereito ao uso privativo do dominio público radioeléctrico requirirá concesión administrativa. Para o outorgamento desa concesión demanial, será requisito previo que os solicitantes estean inscritos no Rexistro de Operadores da Comisión do Mercado das Telecomunicacións como operadores do servizo para o que se solicita a concesión demanial.

Artigo 19. *Inspección previa ao uso do dominio público radioeléctrico.*

1. De acordo co disposto no artigo 45.4 da Lei xeral de telecomunicacións, será requisito previo á utilización do dominio público radioeléctrico a inspección ou recoñe-

cemento satisfactorio das instalacións pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

2. En función da natureza do servizo, da banda de frecuencias empregada, da importancia técnica das instalacións que se utilicen ou por razóns de eficacia na xestión do dominio público, esa inspección ou recoñecemento previo poderá ser substituído pola certificación expedida por técnico competente en materia de telecomunicacións a que se refire o artigo 45.4 da Lei xeral de telecomunicacións, certificación que deberá ser remitida á Axencia Estatal de Radiocomunicacións para efecto de que esta poida expedir a autorización de posta en funcionamento.

3. Mediante resolución do secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información estableceranse as bandas de frecuencias ou servizos en que, conforme o punto anterior, a inspección poderá ser substituída pola certificación prevista neste.

4. Logo de recoñecemento ou, de ser o caso, certificación favorable das instalacións, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións expedirá a autorización de posta en funcionamento da rede e inicio da prestación efectiva do servizo.

CAPÍTULO II

Procedementos de obtención e réxime xurídico dos títulos habilitantes para uso privativo do dominio público radioeléctrico

SECCIÓN 1.^a PROCEDEMENTO XERAL

Artigo 20. *Presentación e tramitación de solicitudes e documentación anexa.*

1. Os interesados en obter calquera título habilitante para o uso privativo do dominio público radioeléctrico presentarán as súas solicitudes, xunto á proposta técnica, preferentemente ante a Axencia Estatal de Radiocomunicacións ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no impreso formulario oficial que corresponda, debidamente cuberto, ou ben a través dos rexistros telemáticos correspondentes conforme a normativa vixente.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación administrativa, que estará integrada polos documentos que a seguir se relacionan e que se poderán presentar en orixinal ou copia compulsada:

1. Documentos que acrediten a capacidade do solicitante.

Se se trata dunha persoa física, fotocopia do documento nacional de identidade ou, no suposto de estranxeiros, a documentación equivalente que acredite a identidade e nacionalidade do interesado ou, no seu defecto, consentimento para que os datos de identidade persoal deste poidan ser consultados mediante o sistema de verificación de datos de identidade persoal, para os efectos de iniciación do procedemento, de conformidade co establecido na Orde PRE/3949/2006, do 26 de decembro, pola que se establece a configuración, as características, os requisitos e os procedementos de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade.

Tanto para persoas físicas como xurídicas, o número de identificación fiscal ou, cando se trate de persoas físicas ou xurídicas estranxeiras, o documento equivalente.

2. Documentos que acrediten a representación.

Os que comparezan ou asinen solicitudes en nome doutros deberán presentar poder bastante para o efecto,

de ser o caso, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil, e o documento nacional de identidade ou, de ser o caso, o consentimento á verificación de identidade indicado no punto 1.

Se o solicitante for unha persoa física ou xurídica estranxeira, deberá designar unha persoa responsable para efectos de notificacións domiciliada en España, sen prexuízo do que poidan prever os acordos internacionais.

3. Documentos que acrediten a súa condición de operador de comunicacións electrónicas, no caso de concesións demaniais.

4. Xustificante, de ser o caso, de aboamento da taxa de telecomunicacións establecida no anexo I.4 da Lei xeral de telecomunicacións.

5. Declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideren xurdir do título habilitante concedido, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puider corresponder ao solicitante. Os solicitantes españois non deberán presentar esta declaración.

b) Proposta técnica.—A proposta técnica, asinada por técnico competente en materia de telecomunicacións, describirá a solución técnica adoptada en función das necesidades de radiocomunicacións presentadas, especificando as características técnicas da rede que se pretenda instalar e canta outra información sexa necesaria para definir o uso do dominio público radioeléctrico que se solicita.

A proposta técnica axustarase ao modelo oficial establecido para tales efectos, incorporando planos topográficos de escala adecuada en que figuren as localizacións das estacións fixas e a zona de servizo da rede que se vaia instalar. Cando a complexidade do sistema de telecomunicación proposto, por razón de utilización do dominio público ou do servizo que se vaia prestar, así o aconsellar, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá exixir do petionario a presentación do correspondente proxecto técnico asinado por un técnico competente en materia de telecomunicacións en que se especifiquen tanto as características técnicas dos equipamentos e aparellos, como os estudos e cálculos das necesidades de dominio público radioeléctrico formuladas e as características do servizo para o que se pretende utilizar.

2. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, antes de ditar a resolución sobre o outorgamento ou denegación do título habilitante necesario para o uso privativo do dominio público radioeléctrico e no prazo previsto para iso, poderalle requirir ao solicitante canta información ou aclaracións considere convenientes sobre a súa solicitude ou sobre os documentos con ela presentados.

3. Cando sexa preciso para garantir unha xestión eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá modificar as características técnicas solicitadas logo de audiencia do interesado e sen prexuízo do mantemento dos obxectivos de servizo propostos polo solicitante. Neste suposto, a validez do título outorgado estará condicionada á súa aceptación polo solicitante.

4. A autorización das instalacións das estacións fixas quedará condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioeléctricos autorizados, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de zonas e instalacións de interese para a Defensa Nacional, de servidumes radioeléctricas ou aeronáuticas, de medio natural, de ordenación do territorio ou calquera outra que lle resulte de aplicación e, en todo caso, ao establecido no Real decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público

radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. A obtención dos permisos ou autorizacións relacionados con estas materias será responsabilidade e irá por conta do titular da autorización.

Artigo 21. *Prazos para notificar a resolución.*

1. O prazo para notificar a resolución expresa das solicitudes de outorgamento, modificación e extinción de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioeléctrico será de seis semanas desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros da Axencia Estatal de Radiocomunicacións. Non obstante, de conformidade co disposto no artigo 44.1.d) da Lei xeral de telecomunicacións, non será de aplicación tal prazo cando se precise alcanzar a coordinación internacional que, de ser o caso, proceda ou afecte a reserva de recursos órbita-espectro.

2. Transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior sen que recaese resolución expresa, deberanse entender desestimadas as solicitudes, sen prexuízo da obriga da Axencia Estatal de Radiocomunicacións de resolver expresamente, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Cando o outorgamento do título se produza a través dun procedemento de licitación, aplicarase o disposto no artigo 29 deste regulamento.

Artigo 22. *Resolución do procedemento.*

1. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións ditará resolución en que outorgue ou denegue, de forma motivada, o título solicitado. Esta resolución pon fin á vía administrativa.

2. As resolucións en virtude das cales se outorguen títulos habilitantes para o uso do dominio público radioeléctrico recollerán os parámetros técnicos de funcionamento, os prazos de vixencia, a zona de servizo, o número de unidades de reserva radioeléctrica e calquera outra condición que deban cumprir os seus titulares.

3. Os titulares de concesións e autorizacións de uso privativo do dominio público radioeléctrico están obrigados ao pagamento do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, conforme a súa normativa reguladora.

4. Para efectos da súa inscrición no Rexistro público de concesionarios a que fai referencia o artigo 8 deste regulamento, os titulares de concesións demaniais deberán acreditar, no prazo de tres meses desde a notificación, o pagamento do citado imposto. Unha vez se produza esa acreditación, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións disporá dun prazo de quince días para efectuar a citada inscrición. Transcorridos tres meses sen que se producise a acreditación, a concesión será revogada mediante resolución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións conforme o establecido no artigo 28 deste regulamento.

Artigo 23. *Denegación de solicitudes.*

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá denegar as solicitudes por algunha das seguintes causas:

- a) Cando o solicitante non teña a condición de operador de comunicacións electrónicas, no caso de concesións demaniais.
- b) Insuficiencia dos documentos achegados.
- c) Falta de adecuación das súas características técnicas ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.

d) Insuficiencia de dominio público radioeléctrico dispoñible nas bandas de frecuencia reservadas polo Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias para o servizo solicitado.

e) Falta de adecuación das características técnicas solicitadas aos obxectivos de cobertura dos servizos previstos, sempre que o seu titular non acepte as alternativas técnicas propostas pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

f) Cando se advirta que o número de interesados na obtención dos dereitos de uso é superior á oferta de dominio público radioeléctrico.

Artigo 24. *Prazos de vixencia dos títulos habilitantes.*

1. Os títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioeléctrico outorgaranse por un período de tempo inicial que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpra o seu quinto de vixencia, renovable por períodos sucesivos de cinco anos logo de solicitude do seu titular.

2. Cando o titular desexe renovar o título habilitante, deberao solicitar entre o 1 de setembro e o 15 de novembro do último ano de vixencia.

3. Ante unha solicitude de renovación, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá:

a) Acordar a renovación solicitada sen modificar as súas características técnicas.

b) Ofrecerlle ao interesado a renovación solicitada introducindo no título as variacións técnicas que requira a súa adaptación ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.

c) Acordar a súa denegación por falta de adecuación ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias ou por calquera outra causa de denegación de solicitude prevista no artigo 23.

4. Se ao concluír o período de vixencia do título, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións non se pronunciou sobre a solicitude de renovación, esta entenderase desestimada, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Neste caso, e ata que a Axencia Estatal de Radiocomunicacións dite resolución expresa, entenderase prorrogado o dereito do titular ao uso do dominio público radioeléctrico nas condicións reguladas no título para o que solicitou a súa renovación.

5. Os prazos de vixencia dos títulos habilitantes para o servizo de radiodifusión sonora e televisión rexeranse pola súa normativa específica. Así mesmo, para os títulos outorgados por un procedemento de licitación aplicarase o establecido nos pregos de bases polos que se rexa o procedemento, e será preceptivo, en todo caso, o informe previo da Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

Artigo 25. *Modificación dos títulos habilitantes.*

1. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá modificar, en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte, durante o período de vixencia dun título habilitante que outorgue dereitos de uso privativo sobre o dominio público radioeléctrico, as súas características técnicas cando sexa preciso para a súa adecuación ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, por razóns de uso eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico de acordo co previsto no artigo 10 deste regulamento, ou por obrigas derivadas do cumprimento da normativa internacional ou comunitaria.

2. Para efectos do disposto neste artigo, entenderase por modificación a alteración do ámbito xeográfico, fre-

cuencias, potencias, banda ou calquera outra característica técnica do título habilitante orixinal, sempre que dela non derive unha imposibilidade de atender o fin para o que se viña utilizando o dominio público radioeléctrico reservado.

3. Mediante orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de audiencia dos interesados, das asociacións de usuarios, e informe preceptivo da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e con respecto á lexislación sobre patrimonio das administracións públicas, poderanse modificar as condicións xerais a que se suxeitan os títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioeléctrico, consonte os principios de obxectividade e proporcionalidade, e atendendo principalmente ás necesidades da planificación e do uso eficaz e eficiente, e a dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico.

Artigo 26. *Efectos da modificación dos títulos habilitantes.*

1. Os danos e perdas que deriven da modificación dun título habilitante levada a cabo pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, sen mediar causa imputable ao seu titular, darán dereito a indemnización, salvo cando veñan impostas por normas internacionais ou polo ordenamento xurídico da Unión Europea.

2. Tampouco darán dereito a indemnización as modificacións que se produzan con ocasión de calquera das renovacións que, de ser o caso, se outorguen, sempre que estas modificacións resulten necesarias para a súa adaptación ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.

Artigo 27. *Extinción dos títulos habilitantes.*

Os títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público extinguiranse:

a) Polas causas que resulten aplicables das citadas no artigo 100 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

b) Por morte do titular do dereito de uso privativo do dominio público radioeléctrico ou extinción da persoa xurídica titular.

c) Por renuncia do titular, con efectos desde a súa aceptación pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

d) Por perda da condición de operador do titular do dereito de uso do dominio público radioeléctrico en caso de tratarse de concesións de uso privativo, ou calquera causa que imposibilite a prestación do servizo polo seu titular.

e) Por perda de adecuación das características técnicas da rede ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, sen que exista posibilidade de lles outorgar ao titular outras bandas, caso en que este terá dereito a indemnización conforme o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

f) Por mutuo acordo entre o titular e a Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

g) Por transcorrer o tempo para que se outorgaron sen que se presentase solicitude de renovación. Este dato será comunicado aos responsables dos rexistros correspondentes.

h) Por incumprimento grave e reiterado das obrigas do titular recollido como causa de revogación no artigo seguinte.

i) Aqueloutras causas que se establezan no título habilitante, conforme a Lei xeral de telecomunicacións.

Artigo 28. *Revogación dos títulos habilitantes.*

1. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, a través do procedemento administrativo xeral da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderá acordar a revogación dos títulos habilitantes para uso privativo do dominio público radioeléctrico polas seguintes causas:

a) O incumprimento das condicións e requisitos técnicos aplicables ao uso privativo do dominio público radioeléctrico.

b) Non pagar o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

c) Non efectuar un uso eficaz ou eficiente do dominio público radioeléctrico a que se refire o artigo 10 deste regulamento.

d) A revogación sucesiva de dúas autorizacións administrativas de transferencia de título ou de cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico sobre o mesmo título habilitante no prazo dun ano, nos termos establecidos no artigo 44.

e) A utilización das frecuencias con fins distintos aos que motivaron a súa asignación ou para outros diferentes dos da prestación do servizo ou o exercicio da actividade que motivase a súa asignación.

2. Cando a Axencia Estatal de Radiocomunicacións comprobe que o titular do título habilitante incorre nalguna causa de revogación, notificaralle esta circunstancia ao seu titular, concedéndolle a oportunidade de emendar o posible incumprimento ou de manifestar a súa opinión nos seguintes prazos:

a) Un mes contado desde a notificación.

b) Un prazo inferior acordado pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións, nunca inferior a quince días, en caso de repetidos incumprimentos.

c) Un prazo superior acordado pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións cando, por causas obxectivas, o coide oportuno.

3. Se o titular non emenda os incumprimentos no prazo a que se refire o punto anterior, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións propondrá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a incoación dun expediente sancionador dirixido á imposición dunha multa económica, que se tramitará conforme o disposto no título VIII da Lei xeral de telecomunicacións.

4. En todo caso, cando a Axencia Estatal de Radiocomunicacións constate que o incumprimento en que incorre o titular representa unha ameaza inmediata e grave para a seguranza pública ou a saúde pública, ou que cree graves problemas económicos ou operativos a outros titulares ou usuarios de redes ou servizos de comunicacións electrónicas, poderá adoptar medidas provisionais de urxencia para remediar a situación, entre as que se inclúen a suspensión provisional da eficacia do título, a orde de cesamento inmediato do uso do dominio público radioeléctrico, a precintaxe ou a incautación dos equipamentos ou aparellos ou a clausura das instalacións utilizadas con ocasión do incumprimento, entre outras.

O titular disporá dun prazo de quince días contado desde que se adopten as medidas provisionais para presentar as alegacións que coide oportuno e propor posibles vías de solución.

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, á vista das alegacións e das solucións propostas polo titular, acordará o levantamento das medidas provisionais se se emenda o incumprimento. En caso contrario, poderá acordar a continuación na aplicación das medidas provisionais e propondrá ao Ministerio de Industria, Turismo e

Comercio a incoación dun expediente sancionador nos termos indicados no número 3 deste artigo.

SECCIÓN 2.^a PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Artigo 29. *Outorgamento de concesións para o uso do dominio público radioeléctrico polo procedemento de licitación.*

1. Cando sexa preciso para garantir o uso eficaz do dominio público radioeléctrico ou cando a demanda de uso supere a oferta, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá limitar o número de concesións que vaia outorgar en determinadas bandas de frecuencias, de acordo co establecido nos artigos 44.2 e 45.2.b) da Lei xeral de telecomunicacións.

A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, tras constatar que o número de solicitudes supera a oferta de dominio público radioeléctrico ou logo de consulta pública para coñecer a existencia de posibles interesados na obtención de dereitos de uso sobre determinadas bandas de frecuencias, incluíndo nesa consulta as asociacións de consumidores e usuarios, suspenderá o outorgamento dos títulos habilitantes correspondentes, propondo ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que inclúa esas bandas de frecuencias dentro da relación en que o número de concesións que se outorgue queda limitado, para efecto de proceder ao inicio dun procedemento de licitación.

2. O procedemento de licitación non será de aplicación ao outorgamento dos recursos radioeléctricos cando así o requira a aplicación de normas internacionais ou convenios que obriguen o Reino de España.

3. Ao procedemento de licitación que, de ser o caso, se adopte será de aplicación o seguinte:

a) Mediante orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe preceptivo da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, aprobarase o prego de bases e a convocatoria dun procedemento de licitación para o outorgamento dos títulos. No citado prego deberá establecerse:

1) A cantidade de dominio público reservada, as características da súa utilización, o prazo de vixencia dos títulos ou calquera outra característica ou condición para o seu uso efectivo.

2) O prazo para a presentación das ofertas, que non poderá ser inferior a un mes.

3) Os requisitos e condicións que deban cumprir os licitadores e os posibles adxudicatarios que, de ser o caso, deberán posuír a condición de operador no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

4) O procedemento de adxudicación, que poderá ser concurso, poxa ou unha combinación de ambos, respectando en todo caso os principios de publicidade, concorrencia e non-discriminación.

No caso de que se opte polo concurso como procedemento de adxudicación, xa sexa de maneira individualizada ou en combinación coa poxa, serán criterios de valoración segundo a natureza do servizo:

a. Os prazos de despregamento de rede e de cobertura.

b. As cantidades que se destinarán en investimento novo.

c. O número de estacións radioeléctricas que se vaian despregar.

d. As técnicas que permitan facer un uso máis eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico.

A avaliación destes criterios e a proposta de adxudicación efectuaráa unha mesa de adxudicación. A mesa

estará constituída por un presidente, un mínimo de cinco vogais e un secretario.

Os membros da mesa serán nomeados polo ministro de Industria, Turismo e Comercio. O secretario deberá ser designado entre funcionarios da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario de entre os que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico e un interventor.

5) A contía da garantía provisional e a garantía definitiva cuxa constitución se poida exixir en función da natureza da rede ou do servizo.

6) As condicións en que se deba prestar o servizo ou explotar a rede de comunicacións electrónicas a que estea destinado o dominio público radioeléctrico reservado.

b) En todo o non previsto no prego de bases en relación coa convocatoria, adxudicación, modificación, transmisión, cesión e extinción dos títulos outorgados mediante este procedemento será de aplicación a lexislación do patrimonio das administracións públicas.

c) O procedemento de licitación deberase resolver mediante orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio e notificar nun prazo máximo de oito meses desde a publicación da convocatoria.

d) As condicións en que se deba prestar o servizo ou explotar a rede mediante o uso efectivo do dominio público radioeléctrico reservado, serán as previstas na Lei xeral de telecomunicacións e na súa normativa de desenvolvemento, as específicas establecidas no prego de bases e as que o licitador, de ser o caso, asumise na súa proposta.

4. A relación de bandas de frecuencia con limitación do número de títulos habilitantes de uso do dominio público radioeléctrico será revisable polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de oficio ou por instancia de parte, en todo caso cada dous anos. En caso de se efectuar esta revisión, non haberá dereito a indemnización a favor dos titulares que obtivesen as súas concesións mediante o procedemento de licitación, sen prexuízo do seu dereito á cancelación das garantías que, de ser o caso, constituísen para responder de compromisos asumidos no procedemento.

5. No caso de concesións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico outorgadas por un procedemento de licitación, as competencias sobre renovación, modificación, extinción, revogación, cesión e transferencia do título correspóndenlle ao ministro de Industria, Turismo e Comercio.

CAPÍTULO III

Uso privativo do dominio público radioeléctrico para fins especiais

SECCIÓN 1.^a DOS RECURSOS ÓRBITA-ESPECTRO

Artigo 30. *Recursos órbita-espectro: concepto e natureza.*

1. Son recursos órbita-espectro, para os efectos deste regulamento, aqueles necesarios para soportar unha infraestrutura satelital de radiocomunicacións constituída por cada unha das posicións da órbita xeostacionaria ou ben un conxunto de órbitas non xeostacionarias susceptibles de albergaren un sistema de satélites, as zonas de servizo e as frecuencias espaciais precoordinaadas.

2. A utilización dos dereitos do Reino de España sobre os recursos órbita-espectro estará sometida ao dereito internacional e, en particular, ao disposto nos tratados da constitución, convenio e regulamento de radiocomunica-

cións da Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT). As relacións do Reino de España coa UIT para tramitar as reservas de recursos órbita-espectro a favor do Reino de España están excluídas da regulación deste regulamento, que ten por obxecto as relacións entre a Administración española e os interesados na obtención ao seu favor dos dereitos de uso sobre os citados recursos.

3. O dereito de uso de recursos órbita-espectro no ámbito da soberanía española terá a consideración de dereito de uso privativo de dominio público radioeléctrico e seralle de aplicación, ademais do previsto neste capítulo, o establecido na Lei xeral de telecomunicacións e as súas normas de desenvolvemento.

Artigo 31. *Títulos habilitantes para o uso privativo de recursos órbita-espectro.*

1. Os dereitos de uso dos recursos órbita-espectro obteranse mediante concesión ou afectación demanial nos termos previstos neste regulamento.

2. Non se poderá outorgar título habilitante para o uso privativo dos recursos órbita-espectro sen que previamente a organización UIT reconécese a reserva do recurso órbita-espectro a favor do Reino de España.

3. As frecuencias da rede terrestre subordinada á infraestrutura satelital de radiocomunicacións non se outorgarán incluídas no título habilitante para o uso privativo do recurso órbita-espectro, e será necesario o outorgamento do correspondente título habilitante para o uso dese dominio público radioeléctrico.

Artigo 32. *Outorgamento de dereitos de uso de recursos órbita-espectro mediante afectación demanial.*

1. O outorgamento de dereitos de uso de recursos órbita-espectro a favor de administracións públicas destinados total ou principalmente á prestación por estas dos servizos que teñan encomendados realizarse mediante afectación demanial.

2. Na utilización da capacidade excedentaria dos recursos órbita-espectro cuxos dereitos de uso fosen outorgados mediante afectación co obxectivo da prestación de servizos a terceiros no mercado, será de aplicación o disposto no artigo 4 do regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, aprobado polo Real decreto, 424/2005, do 15 de abril.

3. Os recursos órbita-espectro cuxos dereitos de uso fosen afectados a unha administración pública para a atención dos fins para os que foron solicitados poderán ser utilizados por esta mediante xestión directa ou indirecta, de conformidade co establecido na súa normativa específica.

Artigo 33. *Procedemento de outorgamento dos dereitos de uso de recursos órbita-espectro.*

1. Ás solicitudes de outorgamento de título habilitante para o uso privativo dos recursos órbita-espectro seralles de aplicación o establecido nos capítulos I e II do título IV, sen prexuízo das condicións específicas enumeradas neste artigo.

2. Os interesados en obter calquera título habilitante para o uso privativo dos recursos órbita-espectro presentarán as súas solicitudes preferentemente ante a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben a través dos rexistros telemáticos correspondentes conforme a normativa vixente.

A solicitude deberá ir acompañada, ademais de coa documentación administrativa especificada na letra a) do artigo 21 deste regulamento, coa seguinte documentación:

a) Memoria técnica en que se indiquen as características da rede ou sistema de satélites, así como dos servizos de comunicacións por satélite que se vaian ofrecer, cobertura prevista, calidade do sinal, balances dos distintos enlaces, entre outros, así como a súa adecuación á normativa en vigor e ao Regulamento de radiocomunicacións da UIT.

b) Declaración do material, instalacións e equipamento técnico que teña previsto utilizar na execución do proxecto.

c) Orzamento económico desagregado e total estimado para a execución íntegra do proxecto, incluíndo o segmento espacial e o segmento terrestre, así como os custos de lanzamento e seguros.

d) Compromiso de que os centros de xestión e estacións de control do sistema de satélites estarán radicados en España.

e) Solvencia económica e técnica, que se deberá acreditar mediante a presentación dos seguintes documentos:

1. Balances ou extractos de balances do último exercicio económico, debidamente auditados.

2. Declaración relativa á cifra de negocios global nos últimos tres exercicios.

3. Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes.

4. Declaración que indique a media anual de persoal e cadro de directivos durante os tres últimos anos.

5. Declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controlar a calidade, así como dos medios de estudo e de investigación de que dispoñan.

6. Cualificación dos cadros técnicos relacionados co proxecto.

3. O interesado farase cargo directamente e á súa custa de calquera obriga económica que xere a UIT en relación co procedemento de reserva do recurso órbita-espectro.

Para tal efecto, no caso de que o título habilitante solicitado para o uso do recurso órbita-espectro fose unha concesión demanial, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, antes de ditar a resolución sobre o seu outorgamento, exixirá a constitución polo interesado dunha garantía destinada a asegurar o cumprimento do compromiso de facer fronte a calquera obriga económica que xere a UIT en relación co procedemento de reserva do recurso órbita-espectro.

Como norma xeral, a contía da garantía a que fai referencia o parágrafo anterior, será de 600.000 euros. Non obstante, poderanse exixir garantías inferiores en función da simplicidade do procedemento que se vaia desenvolver.

A garantía deberase constituír e depositar na Caixa Xeral de Depósitos, nos termos establecidos no Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro, que aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, no prazo dun mes contado desde o requirimento efectuado para o efecto pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

4. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións, antes de ditar a resolución sobre o outorgamento ou denegación do título habilitante necesario para o uso do recurso órbita-espectro, poderalle requirir ao solicitante canta información, estudos ou aclaracións considere convenientes sobre a súa solicitude ou sobre os documentos con ela presentados. En concreto, poderá requirir cantos datos e documentos adicionais considere necesarios para avaliar a solvencia económica e técnica do solicitante, así como a viabilidade do proxecto.

O solicitante está obrigado a achegar á súa custa á Axencia Estatal de Radiocomunicacións a información, estudos ou aclaracións que lle requirise. En caso de que o solicitante non achegue a información, estudos ou aclaracións requiridos, ou ben estes sexan insuficientes para continuar co normal desenvolvemento do procedemento de recoñecemento pola UIT da reserva do recurso órbita-espectro e posterior outorgamento do título habilitante para o uso deste recurso, a Axencia Estatal de Radiocomunicacións ditará resolución pola que se considere que desistiu da súa solicitude.

5. O prazo de que dispón a Axencia Estatal de Radiocomunicacións para resolver as solicitudes de outorgamento de títulos habilitantes para o uso privativo de recursos órbita-espectro será de seis semanas contado desde que a UIT recoñecese a reserva do recurso órbita-espectro a favor do Reino de España.

6. A Axencia Estatal de Radiocomunicacións poderá denegar mediante resolución motivada as solicitudes, ademais de por algunha das causas mencionadas no artigo 23, polas seguintes:

- a) Falta de solvencia económica ou técnica do solicitante ou falta de viabilidade do proxecto.
- b) Razóns de interese público, de fomento de competencia nos mercados de redes e servizos de comunicacións electrónicas ou de desenvolvemento do sector das telecomunicacións e da sociedade da información, debidamente acreditadas. Neste caso, os danos e perdas que deriven dos gastos en que incorrese o solicitante con ocasión da tramitación da súa solicitude darán dereito a indemnización.

7. Os títulos habilitantes para o uso privativo do recurso órbita-espectro outorgaranse por un período de tempo de vinte anos.

Artigo 34. *Obrigas específicas dos titulares dos dereitos de uso de recursos órbita-espectro.*

Son obrigas específicas dos titulares dos dereitos de uso de recursos órbita-espectro as seguintes:

- a) Cando a través destes recursos órbita-espectro se presten servizos de difusión, o titular dos dereitos de uso do recurso órbita-espectro está obrigado a lle notificar á Axencia Estatal de Radiocomunicacións e á Comisión do Mercado de Telecomunicacións o servizo ou servizos concretos que se prestan e o título habilitante de difusión ao abeiro do cal se provén os servizos.
- b) Impedirlles o uso do recurso órbita-espectro aos usuarios que carezan ou lles fose revogado o título para a prestación de servizos de difusión ou de comunicacións electrónicas, segundo proceda, ou que carezan ou lles fose revogado o título habilitante de dereitos de uso de dominio público radioeléctrico para a súa explotación en redes de comunicacións electrónicas que utilicen os recursos órbita-espectro a que se refire a sección seguinte.

Artigo 35. *Dereitos de gratuidade nos procedementos de obtención de recursos órbita-espectro ante a UIT.*

O Reino de España, como Estado membro da UIT, ten con carácter anual o dereito de gratuidade sobre a unidade máis simple de recursos orbitais definida como «rede de satélite» pola UIT.

Para a selección da rede susceptible de aplicación do procedemento de gratuidade, aplicaranse os seguintes criterios conforme a seguinte orde de prelación:

- a) Redes de satélite cuxo operador sexa unha Administración pública, fronte a outras posibles redes.
- b) Rede que supoña o custo máis elevado, sempre que sexa compatible coas decisións do Consello da UIT.

SECCIÓN 2.^a USO DO DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO PARA A SÚA EXPLOTACIÓN MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE RECURSOS ÓRBITA-ESPECTRO

Artigo 36. *Outorgamento de dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico para a súa explotación en redes de comunicacións electrónicas que utilicen os recursos órbita-espectro.*

1. Ás solicitudes de outorgamento de dereitos de uso privativo de dominio público radioeléctrico para a súa explotación en redes de comunicacións electrónicas que utilicen satélites seralles de aplicación o establecido nos capítulos I e II do título IV, sen prexuízo das especialidades enumeradas neste artigo.

2. Os solicitantes destes dereitos de uso deberán acreditar, de forma que faga fe, que dispoñen ou están en condicións de dispor da capacidade de segmento espacial correspondente proporcionada polo titular da infraestrutura satelital. A falta de acreditación deste requisito será causa de denegación da solicitude pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións.

3. O outorgamento do título habilitante do uso do dominio público radioeléctrico para o acceso a estacións terrestres de enlace cunha estación espacial, cuxa titularidade corresponda a unha Administración estranxeira, ou a prestación de servizos baseados nela requirirá, sen prexuízo dos acordos internacionais celebrados polo Estado español, o cumprimento das seguintes condicións:

- a) A estación espacial deberá estar inscrita no Rexistro internacional de frecuencias da UIT.
- b) Deberá existir un acordo de reciprocidade expreso que lles recoñeza ás persoas físicas ou xurídicas españolas o dereito a prestaren servizos similares no país do que sexa nacional a persoa física ou xurídica solicitante do título habilitante.

SECCIÓN 3.^a USO DO DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE RADIODIFUSIÓN SONORA E TELEVISIÓN

Artigo 37. *Uso do dominio público radioeléctrico para a prestación de servizos de radiodifusión sonora e de televisión.*

1. Ao dereito de uso do dominio público radioeléctrico destinado á prestación de servizos de radiodifusión sonora e televisión a través de redes de satélites seralle de aplicación o disposto nas seccións 1.^a e 2.^a deste capítulo.

2. O dereito de uso privativo do dominio público radioeléctrico planificado para a prestación de servizos de televisión dixital en mobilidade e outros servizos adicionais, cando non se realice a través de redes de satélite, outorgarase de conformidade co previsto na lexislación aplicable e, de ser o caso, nos plans técnicos nacionais.

3. Para os restantes supostos de prestación de servizos de radiodifusión sonora e televisión por ondas terrestres, o dereito de uso de dominio público radioeléctrico outorgarao, de conformidade co previsto nos plans técnicos nacionais, a Administración das telecomunicacións mediante concesión demanial anexa a quen dispoña do correspondente título habilitante para a prestación de tales servizos de difusión.

4. A utilización do dominio público radioeléctrico para redes punto a punto de transporte de sinais dos servizos de radiodifusión sonora e de televisión quedan excluídas do disposto neste artigo e seralles de aplicación o disposto no presente regulamento con carácter xeral.

SECCIÓN 4.^a USO DO DOMINIO PÚBLICO RADIOELÉCTRICO PARA FINS
EXPERIMENTAIS E EVENTOS DE CURTA DURACIÓN

Artigo 38. Concepto, títulos habilitantes e réxime xurídico.

1. Para os efectos deste regulamento, terán a consideración de eventos de curta duración os de cobertura de acontecementos deportivos, culturais ou outros de especial interese. Así mesmo, terán a consideración de usos experimentais os destinados a efectuar probas técnicas ou ensaios sobre propagación, utilización de novas bandas de frecuencia ou demostracións de novos servizos ou tecnoloxías.

2. O uso do dominio público radioelétrico para eventos de curta duración e para usos experimentais rexeráse polo establecido para as autorizacións administrativas de uso privativo do dominio público radioelétrico, excepto no relativo á duración das autorizacións administrativas para eventos de curta duración que será por un máximo de seis meses improrrogables.

3. Nas solicitudes de autorización administrativa de uso do dominio público radioelétrico para eventos de curta duración ou con fins experimentais, poderase substituír a documentación administrativa a que se refire o artigo 20 deste regulamento, por unha acreditación fidedigna da personalidade do solicitante, e a proposta técnica por unha descrición dos equipamentos que se pretenden utilizar, con indicación das súas características técnicas e prazos de utilización.

TÍTULO V

Transferencia de títulos habilitantes e cesión de dereitos de uso do dominio público radioelétrico

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 39. *Obxecto e concepto.*

1. O obxecto deste título é a regulación da transferencia de títulos habilitantes e da cesión a terceiros dos dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico.

2. Na transferencia de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico transmítese a titularidade, total ou parcial, do título habilitante.

3. Na cesión de dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico transmítese o dereito a utilizar determinadas frecuencias vinculadas ao título.

4. A transferencia de títulos habilitantes ou a cesión de dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico non implica ningunha alteración no ámbito obxectivo dos dereitos e obrigas do título orixinario.

Artigo 40. *Autorización administrativa previa.*

Toda transferencia de títulos habilitantes e toda cesión de dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico debe ser autorizada previamente polo órgano competente para o outorgamento do título. O negocio xurídico de transferencia ou de cesión efectuado que non teña esa autorización administrativa previa será nulo de pleno dereito e considerarase non celebrado.

Artigo 41. *Exclusións comúns.*

1. Non serán susceptibles de transferencia as afectacións demaniais nin as autorizacións de uso especial do dominio público radioelétrico, así como tampouco se poderán ceder os dereitos de uso do dominio público radioelétrico a que habiliten as afectacións demaniais ou as autorizacións de uso especial.

2. Non se poden transferir os títulos habilitantes nin ceder os dereitos de uso do dominio público radioelétrico relacionados coa seguranza pública e a defensa nacional nin co cumprimento das obrigas de servizo público a que se refire o título III da Lei xeral de telecomunicacións impostas no título orixinal.

3. Igualmente, non se poden transferir os títulos habilitantes nin ceder os dereitos de uso do dominio público radioelétrico en que se acredite que suporía unha restrición da competencia no mercado. Neste caso, solicitarase previamente informe á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

4. Non serán susceptibles de transferencia os títulos habilitantes nin se poderán ceder os dereitos de uso do dominio público radioelétrico cando o seu titular estea incurso nun procedemento administrativo do que poida derivar a revogación do título habilitante.

Artigo 42. *Requisitos.*

1. O titular dos dereitos de uso que se vaia ceder ou do título que se vaia transferir deberase encontrar, na data de autorización da transmisión, ao día do cumprimento de calquera obriga inherente ao título habilitante de que é titular.

No caso do aboamento da taxa por reserva do dominio público radioelétrico, entenderase que se está ao día do cumprimento desta obriga cando, no procedemento de impugnación en vía administrativa ou contencioso-administrativa interposto contra a liquidación da taxa, se acordase a suspensión do acto impugnado.

2. O novo titular do título ou dos dereitos de uso deberá reunir as condicións que, de acordo coa Lei xeral de telecomunicacións e a súa normativa de desenvolvemento, resulten exhibibles para a explotación da rede ou a prestación do servizo a que se pretende destinar os dereitos ou o título obtido, así como deberá cumprir todos os requisitos exixidos no presente regulamento para a obtención do título habilitante.

3. As condicións técnicas de uso dos dereitos cedidos ou dos títulos transferidos axustaranse, en calquera caso, ás establecidas no Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, nos plans técnicos correspondentes e neste regulamento, así como ás que, de ser o caso, estean fixadas en acordos internacionais, normativa da Unión Europea e acordos de coordinación de frecuencias con outros países.

Así mesmo, deberanse respectar as condicións técnicas de uso que, de ser o caso, existisen no título orixinal, como as limitacións derivadas de servidumes radioelétricas, limitacións por razóns de compatibilidade entre servizos, niveis máximos de emisión e protección dos centros de control de emisións radioelétricas da Administración, entre outras.

Artigo 43. *Normas xerais do procedemento administrativo de autorización.*

1. O procedemento administrativo de autorización da transferencia de título habilitante ou da cesión a terceiros dos dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico iniciarase sempre por instancia de parte interesada.

2. A solicitude, que deberá ir asinada conxuntamente polo novo e o anterior titular, con indicación do domicilio

para efectos de notificacións, presentárase ante o órgano competente para o outorgamento do título ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben a través dos rexistros telemáticos correspondentes conforme a normativa vixente.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do negocio xurídico que se subscribirá entre os titulares.
- b) Datos de identificación do novo e do anterior titular e, de ser o caso, das persoas que os representen, incluíndo nome ou razón social.
- c) Referencia do título habilitante afectado polo negocio xurídico.
- d) Data de inicio do negocio xurídico, e, no caso de cesión, a súa data de finalización.
- e) Documentos que acrediten a condición de operador de comunicacións electrónicas do novo titular.
- f) Porción de dominio público radioelétrico obxecto do negocio xurídico e zona xeográfica de utilización.
- g) Características técnicas das redes e servizos en que se prevé utilizar os dereitos de uso do dominio público obxecto do negocio xurídico.
- h) Declaración do anterior titular de lle ter comunicado ao novo titular as condicións técnicas de uso do dominio público radioelétrico obxecto do negocio xurídico.
- i) Declaración do novo titular de que coñece e asume a responsabilidade no uso do dominio público radioelétrico obxecto do negocio xurídico, incluíndo os aspectos técnicos tales como características de emisión, compatibilidade entre servizos ou resolución de interferencias.

Artigo 44. *Revogación da autorización.*

O órgano administrativo que ditou a autorización administrativa previa da transferencia de título habilitante ou de cesión de dereitos de uso de dominio público radioelétrico poderá acordar, mediante resolución motivada, a súa revogación e, en consecuencia, a extinción do negocio xurídico autorizado, polas seguintes causas:

- a) O incumprimento das condicións esenciais da transmisión nos termos en que foi autorizada.
- b) A existencia de interferencias prexudiciais ou incompatibilidades electromagnéticas que degraden a calidade dos servizos prestados ou outros previamente autorizados, orixinados como consecuencia da transmisión.
- c) A revogación do título habilitante orixinal no caso das cesións de dereitos de uso do dominio público radioelétrico.

CAPÍTULO II

Transferencia de títulos que habilitan ao uso do dominio público radioelétrico

Artigo 45. *Concepto.*

Na transferencia de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico transmítese a titularidade, total ou parcial, do título habilitante.

Artigo 46. *Subrogación de dereitos.*

O novo titular subrogárase en todos os dereitos e obrigas do anterior titular derivados do título transferido. En particular, no caso das concesións demaniais outorgadas polo procedemento de licitación, o novo titular subrogárase en todas as condicións especificadas no prego de bases polo que se rexeu o citado procedemento, así como

en todos os compromisos asumidos polo anterior titular na oferta que serviu de base para a adxudicación.

Artigo 47. *Modalidades de transferencia.*

A transferencia de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico pode revestir algunha das dúas seguintes modalidades:

- a) Transferencia total.
- b) Transferencia parcial.

Artigo 48. *Transferencia total.*

1. A transferencia total de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico é aquela en que se transmite a titularidade do título habilitante na súa totalidade e, en consecuencia, se transmite a totalidade dos dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico derivados do título, por todo o período de tempo que reste de vixencia e en todo o ámbito xeográfico do título.

2. A transferencia total de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico poderá ser autorizada con independencia da banda de frecuencias afectada.

Artigo 49. *Transferencia parcial.*

1. A transferencia parcial de títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioelétrico é aquela en que se transmite a titularidade dunha parte do título, xa sexa porque se transmite a titularidade dunha parte dos dereitos de uso en relación coa utilización das frecuencias outorgadas nunha área xeográfica determinada que forme parte do ámbito xeográfico sobre o que o título orixinal outorgou os dereitos de uso do dominio público radioelétrico, xa sexa porque se transmite a titularidade dunha parte das frecuencias ou bandas de frecuencias outorgadas.

2. Só son susceptibles de transferencia parcial de títulos habilitantes aqueles en que a parte dos dereitos de uso privativo do dominio público radioelétrico que se transmite son atribuídos aos servizos con frecuencias reservadas nas bandas a que fai referencia o anexo deste regulamento.

Artigo 50. *Autorización da transferencia.*

1. O órgano competente para o outorgamento do título, logo de análise da solicitude e da documentación presentada, así como das condicións que figuren no negocio xurídico que se celebre entre as partes interesadas, e solicitando, de ser o caso, os informes de calquera outro órgano da Administración que se consideren pertinentes, ditará resolución motivada autorizando ou denegando a celebración do negocio xurídico.

2. O prazo para resolver a solicitude será de tres meses. Unha vez transcorrido este sen que recaese resolución expresa entenderase denegada a solicitude, sen prexuízo da obriga do órgano competente para o outorgamento do título de resolver expresamente de acordo co disposto no artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de que se autorice a celebración do negocio xurídico e unha vez que as partes interesadas remitan copia fidedigna do negocio xurídico subscrito entre eles nos termos en que foi autorizado, o órgano competente para o outorgamento do título ditará unha resolución extintiva ou modificativa do título orixinal, segundo sexa unha transferencia total ou parcial do título respectivamente, e outra resolución constitutiva do título habilitante en favor do novo titular.

4. O outorgamento, modificación e extinción dos títulos habilitantes como consecuencia da celebración autorizada do negocio xurídico da transferencia de títulos habilitantes do uso privativo do dominio público radioeléctrico inscribíranse no Rexistro público de concesionarios.

Artigo 51. Dereitos e obrigas específicos na transferencia parcial.

1. O novo titular subrogarase en todos os dereitos e obrigas do anterior titular derivados do título transferido na parte que lle corresponda en función do ámbito xeográfico ou da parte das frecuencias ou bandas de frecuencias obxecto da transferencia.

En tal sentido, o anterior e o novo titular, en documento adicional que deben xuntar á solicitude de autorización de transferencia, identificarán de maneira clara e precisa os dereitos e obrigas que lles corresponderán a cada un deles unha vez celebrado o negocio xurídico.

2. Ambos os titulares poderán solicitar individualmente a renovación da vixencia dos correspondentes títulos, de acordo co establecido neste regulamento.

3. Ambos os titulares estarán obrigados ao pagamento da correspondente taxa por reserva do dominio público radioeléctrico na parte que lles corresponda en función dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico dos que sexan titulares.

Artigo 52. Transferencias sucesivas.

Os títulos habilitantes para o uso privativo do dominio público radioeléctrico que fosen transferidos poderán ser obxecto de novas transferencias.

Non obstante o anterior, se os títulos habilitantes se outorgaron mediante un procedemento de licitación e no seu prego de bases regulador se fixou un período mínimo en que o título habilitante non podía ser obxecto de transferencia, esta non se poderá efectuar ata que transcorra ese período.

CAPÍTULO III

Cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico

Artigo 53. Concepto.

Na cesión de dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico transmítese o dereito a utilizar determinadas frecuencias vinculadas ao título.

Artigo 54. Ámbito obxectivo da cesión de dereitos de uso.

1. Son susceptibles de cesión os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico atribuídos aos servizos con frecuencias reservadas nas bandas a que fai referencia o anexo deste regulamento.

2. A cesión só se poderá efectuar sobre os excedentes de capacidade dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico de que se sexa titular, entendendo por tal a parte do dominio público non necesaria para o cumprimento polo cedente das obrigas asumidas fronte á Administración.

3. Non se poden ceder todos os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico, por todo o período de tempo e en todo o ámbito xeográfico do título de que derivan os dereitos, sen prexuízo de que se poida acordar a transferencia do título de acordo co disposto nos capítulos I e II deste título.

4. A cesión poderá ser sobre parte dos dereitos de uso do cedente en relación coa utilización das frecuencias

outorgadas nunha área xeográfica determinada que forme parte do ámbito xeográfico sobre o que o título orixinal outorgou os dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, ou por unha parte das frecuencias ou bandas de frecuencias outorgadas.

Artigo 55. Modalidades de cesión.

A cesión de dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico pode revestir algunha das dúas seguintes modalidades:

- a) Cesión por períodos superiores a seis meses.
- b) Cesión por períodos de ata seis meses.

Artigo 56. Autorización da cesión por períodos superiores a seis meses.

1. O órgano competente para o outorgamento do título, logo de análise da solicitude e da documentación presentada, así como das condicións que figuren no negocio xurídico que se celebre entre as partes interesadas, e solicitando, de ser o caso, os informes de calquera outro órgano da Administración que se considere pertinente, ditará resolución motivada mediante a cal autorice ou denegue a celebración do negocio xurídico.

2. O prazo para resolver a solicitude será de tres meses; transcorrido este sen que recaese resolución expresa entenderase denegada a solicitude, sen prexuízo da obriga do órgano competente para o outorgamento do título de resolver expresamente, de acordo co disposto no artigo 43 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. No caso de que se autorice a celebración do negocio xurídico e unha vez que as partes interesadas remitan copia fidedigna do negocio xurídico suscrito entre eles nos termos en que foi autorizado, o órgano competente para o outorgamento do título comunicarllo ao Rexistro público de concesionarios.

4. No caso de que o negocio xurídico de cesión se extinga por calquera causa con anterioridade a que expire o período de tempo de vixencia polo que foi suscrito, as partes interesadas teñen a obriga de comunicar esa circunstancia ao órgano competente para o outorgamento do título e ao Rexistro público de concesionarios.

Artigo 57. Autorización da cesión por períodos de ata seis meses.

1. O órgano competente para o outorgamento do título, logo de análise da solicitude e da documentación presentada, así como das condicións que figuren no negocio xurídico que se celebre entre as partes interesadas, e solicitando, de ser o caso, os informes de calquera outro órgano da Administración que se considere pertinente, ditará resolución motivada autorizando ou denegando a celebración do negocio xurídico.

2. O prazo para resolver a solicitude será dun mes; transcorrido este sen que recaese resolución expresa entenderase outorgada a autorización.

Artigo 58. Dereitos e obrigas específicos na cesión.

1. A cesión dos dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico non eximirá o titular do dereito de uso cedente das obrigas asumidas fronte á Administración.

2. O cedente manterase como único interlocutor ante a Administración para efectos de posibles modificacións do título habilitante orixinal ou de calquera outro trámite relacionado con este, incluíndo a obriga do aboamento da taxa por reserva de dominio público radioeléctrico pola totalidade dos dereitos de uso cedidos.

3. Unha vez que a cesión concluíu na súa vixencia, o cedente recuperará automaticamente o uso e disfrute pleno dos dereitos de uso cedidos.

Artigo 59. *Cesións sucesivas.*

Os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico que fosen cedidos non poderán ser obxecto de novas cesións sucesivas e simultáneas no tempo.

Disposición adicional primeira. *Bandas de frecuencias con limitación de títulos habilitantes para outorgar.*

De conformidade co previsto no artigo 29, e sen prexuízo da súa modificación polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe preceptivo da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a relación de bandas de frecuencias en que, por ser precisa a garantía do uso eficaz e eficiente do dominio público radioeléctrico, se limita o número de concesións para o seu uso é, inicialmente, a seguinte:

- a) 880 a 915 e 925 a 960 MHz.
- b) 1.710 a 1.785 e 1.805 a 1.880 MHz para redes terrestres.
- c) 1.900 a 2.025 e 2.110 a 2.200 MHz.
- d) 2.500 a 2.690 MHz.
- e) 3,4 a 3,6 GHz.

Disposición adicional segunda. *Transformación dos títulos habilitantes para o exercicio do dereito de uso privativo do dominio público radioeléctrico con limitación de número.*

De acordo co establecido no punto 8, letra d), da disposición transitoria primeira da Lei xeral de telecomunicacións, os títulos habilitantes para o exercicio do dereito de uso privativo de dominio público radioeléctrico con limitación de número deben ser transformados nunha concesión demanial nos termos e condicións seguintes:

a) As resolucións expresas que transformen os títulos existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei xeral de telecomunicacións deberá ditalas o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información no prazo dun ano desde a entrada en vigor do presente regulamento. Nas citadas resolucións declarárase a anulación do título habilitante actualmente en vigor e a súa transformación nunha concesión de dominio público radioeléctrico independente da habilitación da persoa titular da citada concesión demanial para a prestación do servizo ou a explotación da rede de comunicacións electrónicas.

b) O procedemento de transformación iniciárase de oficio a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

No expediente de transformación do título daráselle audiencia ao seu titular, ao resto de operadores que teñan asignados dereitos de uso privativo de dominio público radioeléctrico dentro das categorías concretas de títulos habilitantes obxecto de transformación a que se refire a letra d) desta disposición, así como ás asociacións de usuarios.

Tamén se solicitará preceptivamente informe do Servizo Xurídico do Departamento e da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, así como ditame do Consello de Estado.

Unha vez ditada a resolución de transformación, e sen prexuízo da súa notificación aos interesados, daráselle traslado para coñecemento á Comisión do Mercado das Telecomunicacións.

c) Nas resolucións expresas polas que se transforman os títulos estableceranse os dereitos e as obrigas que se declaran subsistentes dos actualmente previstos nos correspondentes títulos. Tamén se poderán incluír outras obrigas por razóns de servizo público e interese xeral, así como as que se consideren necesarias para preservar as condicións de competencia no mercado.

Así mesmo, nas condicións xerais e específicas que se establezan, teranse en conta as que resulten necesarias para a súa adecuación a este regulamento, ao Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias e á normativa da Unión Europea que, de ser o caso, resulte de aplicación, en especial, a referida aos principios de neutralidade tecnolóxica e dos servizos. Estas condicións deberán ser, en todo caso, proporcionadas, transparentes e non discriminatorias. A transformación do título non dará dereito a ningunha indemnización. En todo caso, manterase o prazo de vixencia para o cal foron outorgados.

d) Os títulos habilitantes para o exercicio do dereito de uso privativo de dominio público radioeléctrico con limitación de número obxecto de transformación son as concesións procedentes das extintas:

i. Licenzas individuais de tipo C2 para o establecemento e a explotación de redes públicas fixas de acceso radio na banda de 26 GHz.

ii. Licenzas individuais de tipo C2 para o establecemento e a explotación de redes públicas fixas de acceso radio na banda de 3,4 a 3,6 GHz.

iii. Licenzas individuais de tipo B2 para o establecemento da rede de telecomunicacións necesaria e para a explotación do servizo de comunicacións móbiles de terceira xeración.

iv. Licenzas individuais de tipo B2 para a prestación do servizo de telecomunicación de valor engadido de telefonía móbil automática na súa modalidade GSM.

v. Concesións para a prestación pública do servizo de radiocomunicacións móbiles terrestres en grupos pechados de usuarios.

vi. Concesións para a prestación do servizo de telecomunicación de valor engadido de radiocomunicacións móbiles terrestres en grupos pechados de usuarios.

vii. Licenzas individuais de tipo B2 para a prestación do servizo de comunicacións móbiles persoais na súa modalidade DCS 1800.

ANEXO

Servizos con frecuencias reservadas nas bandas indicadas susceptibles de transferencia parcial de título ou de cesión a terceiros dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico

Servizos	Bandas
Servizos dispoñibles ao público de radiobusca e radiomensaxaría (Paging).	68 - 87,5 MHz 146 - 174 MHz 406,1 - 430 MHz 440 - 470 MHz
Comunicacións móbiles en grupo pechado de usuarios.	68 - 87,5 MHz 146 - 174 MHz 223 - 235 MHz 410 - 430 MHz 440 - 470 MHz 870 - 876 / 915 - 921 MHz
Servizos de acceso radio dispoñibles ao público.	24,5 - 26,5 GHz

Servizos	Bandas
Servizo fixo punto a punto.	1.427 - 1.452 / 1.492 - 1.518 MHz 1.525 - 1.530 MHz 2.025 - 2.110 / 2.200 - 2.290 MHz 2.290 - 2.300 MHz 3.600 - 4.200 MHz 4.500 - 5.000 MHz 5,9 - 6,4 / 6,4 - 7,1 GHz 7,725 - 7,975 GHz / 8,025 - 8,275 GHz 10,449 - 10,680 GHz 12,75 - 13,25 GHz 14,47 - 14,753 / 14,865 - 15,173 GHz 15,285 - 15,350 GHz 17,7 - 19,7 GHz 21,2 - 21,4 GHz 22,0 - 22,6 / 23,0 - 23,6 GHz 27,9405 - 28,4445 / 28,9485 - 29,4525 GHz 27,8285 - 27,9405 GHz 31,0 - 31,3 GHz 37,0 - 39,5 GHz

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

10204 REAL DECRETO 908/2008, do 30 de maio, polo que se modifica o Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, no que respecta ao prazo máximo previsto para a autorización de vacinación de femias bovinas contra a brucelose. («BOE» 144, do 14-6-2008.)

O Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, establece na súa disposición transitoria cuarta, modificada mediante o Real decreto 1616/2005, do 30 de decembro, o prazo máximo e as condicións en que se poderá autorizar, cando a situación epidemiolóxica da enfermidade valorada en cada rexión así o aconselle, a vacinación contra a brucelose bovina de femias, en determinadas áreas ou explotacións, coa vacina RB-51 respecto da infección con *brucella abortus*, ou coa vacina REV-1 respecto da infección con *brucella melitensis*.

En uso da devandita posibilidade, a Xunta de Extremadura e a Xunta de Castilla y León estableceron programas obrigatorios de vacinación coa mencionada vacina RB-51, de forma que, iniciada esta, se debe prever unha ampliación do prazo máximo previsto na devandita disposición transitoria, que permita incluír as necesarias revacunacións ou novas vacinacións en zonas de actuación onde a situación epidemiolóxica e o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina así o aconsellen. Así mesmo, o Programa nacional de erradicación da brucelose bovina 2008-2010 prevé no seu anexo II a relación de bisbarras ou unidades veterinarias locais das dúas comunidades autónomas referidas onde se aplicará o programa especial de vacinación con RB51. Dado o carácter plurianual do referido programa, as previsións de vacinación con RB1 esténdense ao ano 2010. Por iso, a

norma básica débese modificar para ampliar ata o 31 de decembro de 2010 a posibilidade de uso da devandita vacina, o que permitirá, de forma adicional, que se outras comunidades autónomas deciden a súa aplicación, dispoña do período suficiente para que sexa eficaz.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de maio de 2008,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación da disposición transitoria cuarta do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.*

O punto primeiro da disposición transitoria cuarta do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais, queda redactado do seguinte modo:

«1. Sen prexuízo do disposto no artigo 14.1, ata o 31 de decembro de 2010 poderase autorizar, como excepción no referente á brucelose bovina, cando a situación epidemiolóxica da enfermidade valorada en cada rexión así o aconselle, a vacinación de femias, en determinadas áreas ou explotacións, coa vacina RB-51 respecto da infección con *brucella abortus*, ou coa vacina REV-1 respecto da infección con *brucella melitensis*.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2008.

Dado en Madrid o 30 de maio de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

10390 ORDE SCO/1730/2008, do 6 de xuño, pola que se modifica o anexo do Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais. («BOE» 147, do 18-6-2008.)

O Real decreto 1091/2000, do 9 de xuño, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais,